



SALNES MEDIO AMBIENTAL XII:

“SALNES MEDIOAMBIENTAL XII: ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN AMBIENTAL NOS NÚCLEOS RURAIS DOS 9 CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.”

Memoria Explicativa das actuacións en materia Medio Ambiental realizadas pola Mancomunidad do Salnés e Memoria Xustificativa dos Investimentos.

**DON DAVID J. CASTRO MOUGÁN
ALCALDE- PRESIDENTE DA
MANCOMUNIDADE DO SALNÉS**

ANTECEDENTES/INVERSIONS AMBIENTAIS

A Mancomunidad do Salnés con unha extensión 270 Km² está integrada polos nove concellos que conforman a comarca do Salnés: **Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Meis , Ribadumia, Sanxenxo e O Grove**, abarcando unha poboación de **110.306** habitantes.

Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro do 2023

2023	Concello	Total	Homes	Mulleres
36006	Cambados	13.681	6.605	7.076
36022	Grove, O	10.828	5.318	5.510
36901	Illa de Arousa, A	4.876	2.402	2.474
36027	Meaño	5.258	2.569	2.689
36028	Meis	4.706	2.262	2.444
36046	Ribadumia	5.189	2.535	2.654
36051	Sanxenxo	17.854	8.827	9.027
36060	Vilagarcía de Arousa	37.689	18.020	19.669
36061	Vilanova de Arousa	10.225	4.969	5.256

TOTAL SALNÉS	110.306	53.507	56.799
---------------------	----------------	---------------	---------------

Do total da poboación un 23% pertence ao grupo de idade de 65 ou máis anos.

Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade, datos de 2022

	Total	Homes	Mulleres
O Salnés			
Menos de 16	14.423	7.434	6.989
16-64	70.323	35.068	35.255
Máis de 64	25.509	10.987	14.522

TOTAL 110.255
65 o mais anos 23%
 INE. Padrón municipal de habitantes

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A distribución desigual da poboación con leva un desequilibrio de infraestruturas entre os núcleos rurais e os núcleos urbanos.



Esta entidade foi constituída no ano 1986, por tres destes concellos, coa finalidade inicial de garantir o abastecemento de auga potable, sen embargo co paso do tempo fóronse ampliando as súas atribucións a vez que se ían incorporando os seis concellos restantes. Na actualidade os seus estatutos, modificados no ano 2004 e no ano 2017, permítenlle desenvolver unha gran cantidade de competencias, o que lle levou a incrementar dun xeito continuo a súa actividade.

Actualmente a Mancomunidad está presidida polo Alcalde do Ilmo Concello de Ribadumia, Don. David J. Castro Mougán que foi elixida como Presidente da Mancomunidad do Salnés por acordo da Xunta da Mancomunidad de data 23 de xaneiro de 2024, substituíndo no seu cargo a Dna. Marta Giráldez Barral.

O artigo 13 dos seus estatutos establece como atribucións as que de seguido se citan:

- Xestión para a execución, ou futura ampliación, das obras de instalacións de redes xerais para o abastecemento de auga ou para eliminación de residuais, así como dos servicios de bombeo e depuración, que afecten os concellos da mancomunidade, de acordo cos correspondentes proxectos técnicos redactados, ou que se redacten para tal efecto.
- Executar así mesmo, directamente, ou xestionar a execución polos medios que se coiden máis axeitados, da instalación das redes secundarias de todos os concellos da mancomunidade, ou das ampliacións que poidan ser precisas, para conseguir, en todo caso, un total funcionamento deses servicios de abastecemento de augas e de eliminación de residuais.
- Prestación dos servicios de mantemento do abastecemento de auga e de depuración de residuais aos concellos da mancomunidade que os precisen e soliciten, segundo as fórmulas que acorde a xunta da mancomunidade.
- En todo caso o coidado e mantemento da rede xeral primaria de abastecemento de auga, do mecanismo de bombeo e a súa depuración, así como a depuración das augas residuais, en depuradoras que afecten a dous ou máis concellos, serán da competencia da mancomunidade.
- Creación e sostemento dun parque de maquinaria para obras en vías públicas, que afectará a todos os concellos da mancomunidade, que demanden a súa participación e contribúan aos gastos ocasionados.
- Creación e mantemento dun centro mancomunado de benestar social e loita contra a drogo dependencia, que afectará a todos os concellos da mancomunidade.
- Realización de xestións e actividades para a potenciación do turismo na comarca que atinxe á mancomunidade.
- Realización de xestións e actividades de promoción e potenciación de todos os sectores industriais, agrícolas, marítimos, comerciais e de servicios, que atinxan aos concellos da mancomunidade.
- Realización de xestión e actividades conducentes á creación dun servizo comarcal de loita contra incendios, salvo que se teña asumido, ou se asuma, este fin por outros organismos.
- Realización de xestións e actividades conducentes á creación, prestación ou adxudicación dos servicios de recollida, tratamento, transferencia e eliminación de residuos sólidos urbanos, de xeito mancomunado, a través dos medios que en cada caso se coiden máis axeitados.
- Realización de xestións para a consecución de redes de saneamento de augas fecais, para todos os concellos integrantes da mancomunidade.
- Estudo e informe das obras de infraestrutura, cando afecten a mais dun concello, e teñan lugar dentro dos municipios abranguidos pola mancomunidade.
- Realización de xestións para a creación dun servizo de seguridade cidadá.
- Creación dun servizo de coordinación de actividades culturais e deportivas dos concellos da mancomunidade.
- Fomento do desenvolvemento dos concellos que compoñen a mancomunidade, realizando as peticións e xestións coas diferentes administracións, institucións, empresas e calquera outro organismo público ou privado, competentes nos seguintes aspectos: turístico, vías de comunicación, infraestruturas e servicios, transportes, educación, sanidade, seguridade cidadá, e calquera outras materias en xeral que poidan ser común ós concellos que integran a mancomunidade e que esixan dunha acción unida dos mesmos, a fin de lograr axudas de todo tipo para a consecución das finalidades que se pretendan.
- Potenciación e xestión de programas e actividades de carácter social, cultural, de promoción económica, comunicacións, etc. (programas de emprego, de formación, axuda á infancia, integración de persoas con discapacidades, drogo dependencia e alcoholismo, etc.).
- Consecución de solo industrial dentro da comarca.
- Consecución e xestión de mellora en materia de sanidade dentro da mancomunidade.
- Consecución e xestión dun servizo escola de orientación agropecuaria, de produtos do mar, hortofrutícolas, florais e forestais.

- Consecución e xestión dun servizo mancomunado de recollida e protección de animais abandonados.
- Calquera outro que acorde a xunta da mancomunidad, dentro das finalidades das entidades locais, ben directamente ou a petición dos plenos dos concellos atinxidos.

SERVIZOS PRESTADOS POLA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Dun xeito continuado a Mancomunidad do Salnés ven prestando os seguintes servizos públicos:

1- PROMOCIÓN TURÍSTICA DA COMARCA DO SALNÉS.

A Mancomunidad do Salnés desenvolveu un Plan de Excelencia Turística (para os concellos de O Grove e Sanxenxo), un Plan de Dinamización Turística (que afectou os sete concellos restantes), un Plan de continuidade (financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, durante as anualidades 2008-2009), e de xeito anual ven firmando convenios de colaboración coa Axencia Galega de Turismo da Xunta de Galicia.

2- AXENDA 21 DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

A Comarca do Salnés foi a primeira de Galicia en asinar a Carta de Aalborg (Carta das Nacións Europeas cara a sustentabilidade) e en poñer en marcha unha Axenda 21 de desenvolvemento sostible.

3- CENTRO COMARCAL DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM).

A Mancomunidad do Salnés dispón dun CIM comarcal, onde unha psicóloga e dúas avogadas atenden as necesidades de usuarias dos concellos de Cambados, Ribadumia, Meis, Vilanova e actualmente tamén a Meaño. Este centro conta coa contratación dun Servizo de Igualdade e un Servizo de Axente Dinamizador onde dúas psicólogas desenvolven unha importante programación de actividades dirixidas a mulleres emprendedoras e a inserción socio-laboral de mulleres vulnerables, especialmente do entorno rural.

4- SERVICIO DE ASESORAMENTO ÁS EMPRESAS DO SALNÉS (2010-2023).

A Mancomunidad do Salnés puxo en marcha un servizo de Asesoramento dirixido ó sector empresarial da nosa comarca. Todo elo a través da contratación dun AEDL financiado pola Consellería de Traballo e Benestar.

5- PLAN INTEGRADO DE EMPREGO “EMPREGA SALNÉS XII”

Proxecto de orientación, formación e inserción laboral financiado pola Consellería de Traballo e Benestar no que participan 100 persoas desempregadas co compromiso dunha reinserción profesional dun mínimo do 45 % durante 3 meses.

E como SERVICIOS BASICOS, os seguintes:

6- SERVICIO DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN ALTA.

Principal servizo que presta a Mancomunidad do Salnés no que se depura e se subministra anualmente o redor de 6.000 millóns de litros de auga.

Instalacións:

Concellos de: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa

Paseo da Calzada s/n, 36630 Cambados - Tlf: 986 521115 - email: info@osalnes.com - www.osalnes.com

- Unha **Planta de Bombeo** (situada en Ponte Arnelas)
 - Unha **Planta de Depuración** (situada en Tremoedo), cun depósito de 10.000 metros cúbicos.
- Empresa concesionaria: Viaqua.

A Mancomunidad do Salnés distribúe a auga en alta ós nove concellos que conforman a Comarca (a empresa adxudicataria do servizo é Viaqua).

7- REDE DE SANEAMENTO DA COMARCA DO SALNÉS.

A Mancomunidad do Salnés é a responsable da xestión da rede de Saneamento comarcal (o servizo está adxudicado a empresa Espina & Delfín).

8- SERVIZO DE MANTEMENTO DE ESTRADAS (CAMIÓN BACHEADORES).

A Mancomunidad do Salnés presta servizo de bacheo en oito dos seus concellos. Para elo dispón de dous camións bacheadores, dúas máquinas compactadoras, dúas motoniveladoras, un tractor rozadoira lateral, dúas palas retroexcavadoras e camiión con grúa adaptado para a loita contra a avésa asiática. Este servizo conta con trece condutores para o manexo da maquinaria e tamén utiliza o persoal propio de cada concello.

-Obxecto: mantemento de camiños e pistas nos concellos do Salnés.

9- SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

(Concellos de Cambados, Vilanova de Arousa e Meis). A xestión deste servizo foi adxudicada a empresa Urbaser, de xeito provisional.

10- SERVIZO DE LIMPEZA DE MARXES DOS VIAIS.

Para o desenvolvemento deste servizo a Mancomunidad do Salnés conta con tres minipalas cuns sistemas especiais de limpeza, e ten contratados tres condutores.

11- ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AGUAS RESIDUAIS DE RIBADUMIA E TRAGOVE.

A Mancomunidad do Salnés é a propietaria de dúas plantas depuradoras de Augas residuais. A Empresa Pública Augas de Galicia xestiona a nova estación depuradora de Ribadumia que da servizo ós concellos de Ribadumia, Meis, Cambados, Meaño e Vilanova de Arousa.

12- OFICINA DE CALIDADE DA AUGA E CONTROL DE VERQUIDOS.

A Mancomunidad do Salnés puxo en funcionamento no mes de marzo de 2021 un servizo de calidade da auga e control de vertidos froito do Convenio que mantén con Augas de Galicia e no que se aprobou o Plan de Control de Vertidos (PVC) nas redes de sumidoiros conectados á EDAR de Ribadumia.

A finalidade do Plan é facilitar o control dos vertidos e o cumprimento da normativa, en particular o Regulamento do servizo de vertidos a rede de sumidoiros dos concellos da Mancomunidad do Salnés e o Decreto 141/2012.

As funcións deste servizo son as seguintes:

- Oficina de Vertidos como xanela única
- Oficina de Vertidos para a tramitación dos permisos de vertido

- Oficina de Vertidos para o seguimento dos permisos de vertido
- Oficina de Vertidos como entidade inspectora
- Oficina de Vertidos como elemento coordinador e dinamizador

Dende o seu comezo tramitáronse un total de **34 permisos de vertidos** das empresas da comarca e **un total de 135 inspeccións**.

13- PLAN REVITALIZA: SERVIZO DO MESTRE COMPOSTEIRO

No ano 2021 a Mancomunidad dentro do Plan Revitaliza puxo en marcha o servizo de Mestre Composteiro financiado pola Deputación de Pontevedra a través do cal se levan a cabo as seguintes actuacións:

- Revisión e control dos CCC distribuídos pola área da Mancomunidad facendo as intervencións precisas para adecuar correctamente o equilibrio entre a materia orgánica e o material vexetal, controlando temperatura e humidade dos módulos, trasfegando o material en proceso aos módulos seguintes, cribando e repartindo o compós elaborado aos participantes, controlando a trazabilidade do proceso e achega fotográfica da evolución do material nas diferentes fases
- Emprego da máquina trituradora de restos vexetais e, no seu caso, da motoserra.
- Revisión e control dos COIN distribuídos pola área da Mancomunidad.
- Atención aos puntos limpos, fixos ou móbiles, existentes no ámbito de traballo.
- Atención a calquera outra instalación de compostaxe (dixestores rotatorios de tipo BigHanna, pequenas plantas de compostaxe etc.) que o concello puidese adquirir dentro do período indicado.
- Asistencia a calquera outra instalación de almacenamento temporal e/ou de tratamento de residuos (biodixestores metanoxénicos e outros) que se puidese ter ou se obtivese dentro do período indicado.
- Asistencia a calquera outra instalación relacionada cos residuos tanto sólidos coma líquidos (pequenas depuradoras de augas residuais e outros) que se puidese ter ou obtivese dentro do período indicado.
- Atención a outros traballos relacionados coa xestión ambiental coma limpeza forestais, limpeza de arborado urbano, trituración dos biorresiduos leñosos resultantes, mantemento das maquinarias asociadas etc.
- Colaboración nos traballos de solicitude e tramitación das diversas axudas ao medio (Plan de Impulso ao Medio Ambiente, Xunta etc.).
- Colaboración nos posibles traballos de recollidas selectivas na orixe das diferentes fraccións de residuos para acadar os obxectivos marcados por Bruxelas.

- Labores de comunicación e de formación da cidadanía interesada en participar, así como aclaración das posibles dúbidas presentadas ao longo do tempo.
- Formación das e dos empregados do concello e persoas voluntarias que puideran levar a cabo as labores de achega e remexido do módulo de achega.
- Estudos relativos á clasificación e caracterización dos residuos xerados no Mancomunidade para optimizar as súas rutas de recollida
- Calquera outra actividade relacionada coa xestión dos residuos municipais

Este servizo ven a reforzar o Plan de Xestión de Residuos e a implantación de medidas que contribúan o uso eficiente de recursos e a loita contra o cambio climático que dende a Mancomunidade se está a incentivar.

14 -SERVIZO DE CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Servizo formado peóns forestais e un capataz que realizan tarefas de limpeza e mantemento dos principais espazos naturais. Todo elo, de forma rotatoria por tódolos concellos do Salnés.

Distribuídos en varios equipos de traballo, o servizo está dotado cun vehículo, un tractor desbrozadora, unha desbrozadora manual de martillos así como a maquinaria e as ferramentas de man necesarias para a súa prestación.

Este servizo é un dos mais integradores dos que presta esta Mancomunidade xa que é un servizo básico de conservación do medio ambiente, que cuida o hábitat natural do territorio comarcal, facendo que sexa máis accesible e transitable, integrando o rural nas vilas, poñendo en valor as rutas do Camiño Xacobeo que atravesan a nosa Comarca e favorecendo os fluxos económicos as zonas máis despoboadas.

Este servizo permite o mantemento do hábitat natural, medioambiental e promoción das rutas turísticas e paisaxísticas da nosa contorna, evitando a súa degradación e ouvido.

15- SERVIZO DE LOITA CONTRA A VELUTINA

Este servizo púxose en marcha no ano 2018, e se presta nos diferentes Concellos da Comarca do Salnés. Un equipo formado por dous especialistas en control de pragas, retiran os niños da avespa asiática alí onde os veciños da comarca detectan a presenza do insecto.



A través dunha aplicación os técnicos xeolocalizan os niños, así como as actuacións que realizan mediante a colocación das diferentes trampas ou eliminación e retirada de niños. Este servizo está considerado como básico dentro dos estatutos da Mancomunidade.

PROXECTOS DESENVOLVIDOS POLA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Dun xeito puntual a Mancomunidad do Salnés veu desenvolvendo, o longo dos últimos anos, un gran número de proxectos de interese xeral:

REDE GALAICO PORTUGUESA DE TURISMO CULTURAL.

A través de dous proxectos Interreg, dos que a Mancomunidad do Salnés foi xefe de fila, logrouse crear a rede de Museos máis importante de Europa, e na que o Salnés ten un peso moi importante.

PROXECTO LIFE MEDIOAMBIENTAL.

Proxecto piloto de xestión de residuos pesqueiros.

A Tráves deste proxecto colocáronse en tódolos portos do Salnés diferentes contedores para a recollida selectiva de residuos (pilas, madeira, redes, pneumáticos, aceites....), e realizáronse un gran número de accións de formación e sensibilización medioambiental.

PROXECTO LOGÍSTICA NORLOGIS.

A través dun proxecto Interreg III-A levouse a cabo a creación dun centro loxístico dentro dos polígonos industriais da nosa comarca.

OBRADOIRO DE EMPREGO A SEGORELLA I, II e III.

Entre os anos 2001 e 2004 a Mancomunidad do Salnés desenvolveu tres proxectos formativos, para persoas maiores de 25 anos, nos que se rehabilitaron unha trintena de antigos muíños e se crearon catro paseos fluviais.

PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIROS DE HOSTALERÍA DO SALNÉS I, II. A Mancomunidad do Salnés leva desenvolvidos dous proxectos de escolas obradoiros de Hostalería, onde se levan formado case un centenar de desempregados de idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos. Todo elo nas especialidades de Cociña, Camareiros de restaurante-bar, e camareiros de planta.

PROXECTOS DE OBRADOIROS DE EMPREGO DE HOSTALERÍA DO SALNÉS I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI, XII, XIII, XIV E, EN EXECUCIÓN A EDICIÓN XV

A Mancomunidad do Salnés leva desenvolvidos 14 obradoiros de Hostalería, de carácter comarcal, nos que se formaron cociñeiros, camareiros de restaurante-bar e camareiros de planta (todos eles desempregados maiores de 25 anos). Estes proxectos acadaron as cotas de inserción laboral máis altas de toda Galicia (entre o 75% e o 85% de inserción).

PROXECTOS DE MELLORA E COIDADADO MEDIOAMBIENTAL DO SALNÉS.

Dende o ano 2006, e dun xeito continuado, a Mancomunidad do Salnés ven desenvolvendo proxectos de mellora e coidado medioambiental financiados a través dos programas de Cooperación da Consellería de Traballo.

PROXECTOS ECOSALNES-MEDIOAMBIENTE. A través de dous convenios asinados coa Fundación Biodiversidade, desenvolvéronse dous proxectos de formación e sensibilización medioambiental para traballadores autónomos e Pemes.

PLAN DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA COMARCA DO SALNÉS. Dende esta entidade local realizouse un estudio da situación da accesibilidade en toda a comarca. Nestes intres vense de rematar un proxecto de execución de obras de mellora da accesibilidade nos nove concellos, financiado polo IMSERSO e a Fundación Once.

PROXECTO POMAL.

Primeira fase da creación da rede de saneamento comarcal a través do Programa Medioambiental do Ministerio de Medio ambiente (Fondos FEDER).

PLAN DE MELLORA DO SANEAMENTO DA VERTENTE SUR DA RÍA DE AROUSA.

Segunda fase da rede de saneamento comarcal (Fondos de Cohesión).

PROXECTO INTERREG RED-CULTURA.

Proxecto que tivo como finalidade a promoción do turismo cultural na nosa comarca en colaboración con socios transfronteirizos.

PROXECTOS ROTEIROS DA AUGA I, II e III.

Subvencionados pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Levaron a cabo a recuperación do Patrimonio Etnográfico nos concellos do interior do Salnés (Meaño, Meis e Ribadumia).

REDE DE AULAS INFORMÁTICAS NO RURAL DO SALNÉS. Subvencionado dentro do GDR-O Salnés, dotouse a cada un dos municipios que conforman a nosa comarca dunha aula informática de última xeración na súa zoa rural.

PROXECTO NAVEGA E EDUCA.

Financiado polo GAC da Ría de Arousa. Ten por obxecto acadar a sensibilización dos máis xoves sobre a importancia dos recursos do noso mar, todo elo a través de actividades desenvolvidas no Buque Escola Raquel C (Anualidades 2010-2011).

PLAN INTEGRADO DE EMPREGO “EMPREGA SALNÉS”, I, II, III IV, V, VI, VIII, IX, X

Proxecto de orientación, formación e inserción laboral financiado pola Consellería de Traballo e Benestar no que participan 100 persoas desempregadas co compromiso dunha reinserción profesional dun mínimo do 45 %. (Anualidades 2011, 2012, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021- actual-)

CAMARA DE COMERCIO DE ESPAÑA.

IMPULSO A DIXITALIZACIÓN E DINAMIZACION COMERCIAL E TURISTICA. PROMOCION DE SALNES CLICK.

Proxecto de dinamización para a creación de novos negocios, a dixitalización dos existentes e a diminución da taxa de paro, ofrecendo novas oportunidades as persoas xoves coa creación de novos postos de traballo vinculados o uso de novas tecnoloxías.

PROXECTO MELLORA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO DO MONTE DE LOBEIRA.

Financiado por AGADER Tivo por obxecto o acondicionamento e a posta en valor dun dos miradoiros máis importantes do Salnés. (Anualidade 2013)

PROXECTO DE OBRAS DE "REDES DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS RURAIS DOS CONCELLOS DE INTERIOR (MEAÑO, MEIS E RIBADUMIA).

Financiado polo Fondo de Compensación Medioambiental. Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. (Anualidade 2012-2013)

FONDO DE COMPENSACION MEDIO AMBIENTAL 2012, 2013,2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021,2022 e 2023.

Financiado polo Fondo de Compensación Medio Ambiental. Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

Adquisición de diversa maquinaria para levar a cabo actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e re-equilibrio territorial en paseos, pistas rurais, limpeza de cunetas, áreas recreativas, rutas de sendeirismo, rutas BTT, prevención de incendios forestais e mantemento de vías nos nove Concellos da Mancomunidade do Salnés.

A Mancomunidade acaba de poñer en funcionamento o seu primeiro parque fotovoltaico, cunha capacidade de produción de 100KW/hora, instalado sobre o depósito da ETAP da Mancomunidade.

Ademais, no ano 2021 se abordou a mellora de eficiencia enerxética na Estación de Bombeo e Auga Potable- Ponte Arnelas a través da instalación dun sistema de xeración solar fotovoltaico de 51,30 KW/hora.

No ano 2022 grazas o apoio e esforzo da Xunta de Galicia, en particular da Dirección Xeral de Administración Local, fomos quen de manter o servizo medioambiental durante máis meses no ano do que viña sendo habitual, así como de renovar o sistema de climatización da sede da Mancomunidade por outro máis eficiente enerxéticamente, menos contaminante e polo tanto, máis sostible.

No ano 2023 dotamos dunha nova máquina mini cargadora ultra compacta BOBCAT, que traballa polos 9 concellos da Mancomunidade, na conservación do hábitat natural, especialmente limpando as zonas de praias e costeiras.

AUDITORIAS ENERXETICAS NOS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA, RIBADUMIA E MEIS.

Financiado con fondos propios. (Anualidade 2013)

PROXECTO CAMGAL, PREVENCIÓN DE CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL.

A Mancomunidade do Salnés desenvolveu na anualidade 2014 o Proxecto Cambgal, que ten por finalidade a prevención da contaminación mariña por cuestión accidentais.

Nesta liña de actuacións a Mancomunidade do Salnés quere seguir mellorando a prestación dos servizos de conservación medioambiental a través dunha xestión eficaz e eficiente, que permita rentabilizar os recursos das administracións dos diferentes concellos a través da xestión compartida dun servizo público de calidade.

“NUCLEOS RURALES SOSTENIBLES DEL SALNES: ESPACIOS ABIERTOS A LA INNOVACION”

MINISTERIO PARA A TRANSICION ECOLOXICA E O RETO DEMOGRAFICO

Anualidade	Actuacións	Importe Proxecto	Subvención
2023-2024	Proxecto para o desenvolvemento dos núcleos rurais da comarca.	182.000,00€	161.774,00 €

Os obxectivos específicos son a posta en valor da vida nos núcleos rurais dos concellos menos poboados da Comarca do Salnés, tentando fixar e atraer a novos poboadores e evitando o despoboamento a través do impulso da actividade económica e social.

Impulsar a conservación da contorna natural, promover o coidado dos recursos endóxeos, horta e mar, así como promover o desenvolvemento sostible e resilente ,a través da Oficina Comarcal de Innovación, Formación e Emprego Rural.

XUSTIFICACION DO INVESTIMENTO

1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA O INVESTIMENTO.

O día 24 de xaneiro de 2024, publicouse a *Orde do 28 de decembro de 2023*, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha das finalidades deste Fondo é a aplicación de **actuacións globais destinadas a conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial** e a realización de actuacións de investimento que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego. Dentro deste contexto, propónse agora a adquisición de dous vehículos, un para o Mestre Composteiro, outro para a Técnica de Calidade de Auga e Control de Vertidos e un vehículo especial para os peóns medioambientais, para que poidan acceder a zonas dos núcleos rurais de difícil acceso, tales como sendas peonís, rutas BTT, etc... Os tres vehículos son para o **SERVIZO COMPARTIDO DE CONSERVACION MEDIOAMBIENTAL, ASÍ COMO O SERVIZO DO MESTRE COMPOSTEIRO E A TÉCNICO DE CALIDADE DA AUGA E CONTROL DE VERTIDOS**, en base os seguintes obxectivos:

- *Realizar as axeitadas inversións, aproveitando o dispoñible.*
- *Coordinar as melloras con outros proxectos independentes, tendentes a lograr un modelo sostible axeitado e definitivo.*
- *Aproveitar os recursos dispoñibles, sen impacto*
- *Conseguir unha economía máis limpa e sostible.*
- *Restaurar e conservar as rutas e camiños que discorren pola comarca*
- *Lograr un axeitado beneficio medioambiental, centrado na conservación dos espazos naturais do Salnés*
- *Garantir o bo estado das masas de auga e velar polo cumprimento da lexislación vixente en materia de augas residuais e xestión de residuos.*
- *Redución de vertidos contaminantes a rede de saneamento para mellorar a xestión na depuradora municipal a través da calidade do vertido, reducindo o impacto nocivo no medioambiente da comarca.*

- *Redución de residuos orgánicos a través da compostaxe*
- *Promoción da compostaxe como unha solución sustentable e viable para a xestión dos residuos*
- *O Mestre Composteiro e a Técnico de Calidade de Auga e Control de Vertidos desempeñan un papel importante na educación ambiental, impartindo charlas e talleres formativos á poboación.*

2.-OBXECTO DO INVESTIMENTO, DESCRIPCIÓN E LOCALIZACIÓN .

O obxecto deste proxecto é dotar dos medios necesarios o servizo compartido de conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial que se desenvolve en paseos, pistas rurais, limpeza de cunetas, áreas recreativas, rutas de sendeirismo, acondicionamento de rutas BTT nos núcleos rurais dos concellos de Cambados, Meis, Meaño, A Illa de Arousa, Sanxenxo, O Grove, Ribadumia, Vilanova e Vilagarcía de Arousa.

Ademais, **pretendese dotar dos medios necesarios a Técnico de Calidade da Auga e Control de Vertidos e o Mestre Composteiro** para os desprazamentos polos concellos e núcleos rurais da comarca onde realizan a súas funcións de vixilancia, control de vertidos e xestión de residuos.

1. E máis concretamente, o obxectivo é comprar **2 Ud. de vehículos tipo furgoneta (de 2ª man)**, versátil e comfortable para o desprazamento dos técnicos aos diferentes concellos e con capacidade para transportar as ferramentas e útiles de traballo. As características das furgonetas serían as seguintes:



- Cabina integrada na carrocería.
- Portón traseiro que facilite a carga e descarga das ferramentas así como a operatividade do técnico.
- Dimensións exteriores aproximadas: Unha lonxitude de 4.753 mm, unha anchura de 1.848 mm e unha altura de 1.860 mm ou similares

- Transmisión: Manual ou automática.
- Motor: Que dispoña dun motor diésel ou gasolina con una potencia mínima de 102 CV.
- Consumo: Valorarase positivamente un consumo eficiente de combustible e de baixas emisións.
- Espazo de carga: Debe ter un amplo espazo de carga e capacidade suficiente para o desenvolvemento da actividade dos técnicos.
- Preferiblemente con diseño modular que permita a configuración de diferentes opcións de asentos e almacenamento.
- Confort: Deberá ofrecer un confort nos asentos que faciliten a ergonómia do condutor e que faciliten unha postura máis erguida e elevada.
- Ano de matriculación > ó = 2016
- Kms. max. 200.000

2. Pretendese comprar **1 Ud. de vehículo tipo cadriciclo para traballos útiles (UTV) e cos accesorios mínimos para a realización dos traballos dos peóns medioambientais,** de similares características do vehículo da fotografía que se aporta, que teña as seguintes características.

Este tipo de vehículos están especialmente deseñados para facer tarefas para as que un vehículo convencional non estaría preparado.

Con este fin, teñen unha tracción 4x4 ou 4x2, con posibilidade de bloqueo do eixo traseiro, o que lles permite desenvolverse sen problemas sobre calquera terreo.

Os UTV teñen volante, o que lles permite ser máis cómodos de conducir, e xeralmente teñen maior par motor polo que poden transportar cargas pesadas.

Están deseñados para poder moverse por terreos abruptos, pero coa versatilidade suficiente como para facelo tamén por asfalto. Isto permítelles que sexan perfectos para traballar no campo.

Por outra banda, os UTV están moi estendidos en usos profesionais, como a agricultura e actividades forestais.



Nº de Asentos	3
Motor	Cilindro dobre con dobre árbol de levas na cabeza de 4 tempos ou de similares características
Cilindrada	999 cc ou similar
Alimentación	Inxección electrónica directa de combustible
Capacidade de arrastre	Mínimo 1136kg aprox.
Capacidade da caixa	Mínimo 454 kg aprox.
Altura libre ao chan	Mínimo 305 mm
Pneumáticos	36" ou similar
Dirección	Asistida Electrónica
Lonxitude/ Anchura/ Altura da caixa	98*137*29 cm ou similar
Capacidade carga útil	598 kg ou similar
Lonxitude/ anchura/ altura vehículo	305*158*193 cm ou similar
Homologación	Tractor
Cabina	Pechada

3- ORZAMENTO DO INVESTIMENTO. AFORRO DE CUSTOS

	ORZAMENTO TOTAL PROXECTO	COSTE COMPARTIDO ENTRE OS NOVE CONCELLOS	COSTE COMPRA DE XEITO INDIVIDUAL (por concello)
Equipamento: 2 furgonetas 1 tractor para traballos medioambientais	60.000,00€	6.666,66	60.000,00

4.- ADECUACIÓN CRITERIOS DE SUBVENCIONALIDADE.

O presente proxecto adecúase aos criterios de subvencionalidade de repartición do Fondo de Compensación, liña concorrencia competitiva, establecidos no artigo 4 na orde do 28 de decembro de 2023, publicada o día 24 de xaneiro de 2024.

Este proxecto encaixaría nos gastos subvencionables, artigo 4.3.c) da orde: Outras actuacións de protección do ambiente e do espazo natural; e artigo 4.4.e. 2) : Adquisición de vehículos destinados a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural, incluídas aquelas actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

E para que así conste, unido o expediente de solicitude de subvención, expido e asino a presente, en Cambados a data da sinatura electrónica

O PRESIDENTE

Asdo.: David J. Castro Mougán